

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE MECOS 2019

Artigo 1. Destinatarios

Poderán participar calquera persoa ou grupo de persoas (asociacións veciñais, culturais, etc).

Artigo 2 . Lugar e prazo de inscrición

- O prazo de inscrición no concurso será dende o día 4 de Febreiro ao 1 de Marzo de 2019, ambos incluídos.
- As solicitudes estarán dispoñibles na Casa da Cultura e na páxina web www.barbadas.gal.
- A inscrición realizarase na Casa da Casa da Cultura, a través de correo electrónico (casacultura@barbadas.es) ou por teléfono: 988 246885.

Artigo 3. Normas de participación

- O Concurso de Mecos 2018 terá lugar o día 6 de Marzo de 2019 ás 19:00h na Praza Vella (A Valenzá).
- Os Mecos deberán estar situados ás 18:30 na Praza Vella (A Valenzá), onde se lles adjudicará un número identificativo para a decisión do xurado.
- Os días anteriores ó concurso os Mecos poderán ser exhibidos nos diferentes pobos do Concello.

Artigo 4. Premios

Establécese un único premio de 100 € para o Meco gañador.

Artigo 5. Xurado

- O concurso terá un xurado composto por tres persoas, máis unha en representación do Concello, esta con voz pero sen voto.



- O xurado terá en conta á hora de valorar os participantes principalmente calidades que respondan ao espírito do entroido, a creatividade e a retranca.

Máis información:

Casa da Cultura

Rúa San Bernabé 37 32002 A Valenzá

Tlf: 988 246885

Correo electrónico: casacultura@barbadas.es

A Concellaría de Cultura resérvase os cambios oportunos que poida considerar necesarios.

A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.